



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SERVIZOS

Contrato de servizos, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios e tramitación anticipada, non suxeito a regulación harmonizada do servizo de “MONTAXE DA EXPOSICIÓN TEMPORAL AUGA DOCE”

Con data 20 de decembro de 2013 foi autorizado polo órgano de contratación o expediente dun contrato de servizo de referencia. O procedemento de adxudicación acordado foi o aberto con pluralidade de criterios e non suxeito a tramitación anticipada de acordo cos artigos, 16. b), 138, 150 e 157 a 161 do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por ser o adecuado para a avaliar as características do servizo que se vai a realizar.

Á licitación deste contrato presentaron ofertas en prazo as seguintes empresas: UTE ILIONE, SL /SUTEGA, SL; EXMOARTE, SA; INTERIORES DE GALICIA, SL; e PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, SL

Ao amparo dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 12 do cadre de características do prego de cláusulas administrativas particulares emítense informe técnico de valoración de data 22 de xaneiro de 2014, co seguinte resultado ordenados de maneira decrecente:

Empresa	Criterios non availables automaticamente	Criterios availables automaticamente	Totais
PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, SL	29,00	50,00	79,00
EXMOARTE, SA	50,00	17,04	67,04
UTE ILIONE SL / SUTEGA, SL	19,00	34,12	53,12
INTERIORES GALICIA, SL	32,00	6,92	38,92

A oferta más vantaxosa é a presentada por PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL quen accredita documentalmente os compromisos solvencia técnica xeral e específica, solvencia económica e financeira e os medios que comprometeu na súa oferta, así como o resto de documentación correspondente en cumprimento do artigo 153.3 do Real Decreto 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público.

Con data 5 de febreiro de 2014 emítense informe favorable da Dirección de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura sobre a documentación acreditativa da solvencia técnica requirida.

A xerente de Turismo de Galicia formula, con data 6 de febreiro de 2014, a proposta de adxudicación a favor de PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, SL con NIF B36743755, por resultar a oferta más vantaxosa.

En cumprimento do artigo 153.3 do Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procede adxudicar a actuación de referencia á proposta formulada, unha vez presentada por parte do licitador coa oferta máis vantaxosa, a documentación requirida dentro do prazo preceptivo, que se conta dende o día seguinte á recepción do requerimento.

En virtude das facultades que me confiren os artigos 19.4.n e 37.2 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos



RESOLVO:

- I. Acordar a adxudicación do contrato á empresa **PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.** con NIF **B36743755** por un importe de **226.060,67 €** con IVE [**186.827,00 € + 39.233,67 € (21% IVE)**].
- II. Acordar un prazo de execución do contrato desde a súa sinatura ata o 14 de marzo de 2014, conforme ao calendario que sinala a cláusula 5 do cadre de características do prego de cláusulas administrativas.
- III. Ordenar que se notifique esta adxudicación aos licitadores que participaron neste procedemento, así como a súa publicación no perfil do contratante, e de ser o caso, nos diarios oficiais que corresponda.
- IV. A formalización do contrato realizarase dentro dos quince (15) días hábiles seguintes á recepción da notificación desta adxudicación (art.156.3 do RDLCSP), logo do cumprimento das obrigas previas establecidas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas.

Contra a presente resolución, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano de contratación, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación o publicación do acto, que pon fin á vía administrativa, conforme aos artigos 8.3, 14 e 46 da lei 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, perante o xulgado do contencioso de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

A directora de Turismo de Galicia

Mª Nava Castro Domínguez

